

Contéstenos, por favor

Luz Pozo Garza, ou a explosión poética do coor

"A miña pintura non é unha copia do natural, senón unha interiorización de tipo poético"

O que mais chama a atención cando por primeira vez olleas un cuadro de Luz Pozo Garza e a súa coor e logo, despois de que te decatás que ela é unha boa poetisa, intimista e imaxinativa, comprendes a simbiosis, que da de resultas un poema plástico. Luz Pozo, con máis de seis libros publicados, estrenouse na Coruña como pintora e o fixo con unha exposición de 42 obras, todas elas cheas de imaxinación e sobor de todo de moita luz. Ela di que lle deu moito medo cando pensou que iba a expoñer por vez primeira; pero que o fixo, animada e impulsada pola súa familia. "Era un medo irracional, xa que si o analizo non encontro moito sentido. Non tiña medo a crítica, porque coído que ésta non é a miña profesión. Era un medo que eu tiña dentro.

Di Luz, soltando pouco a pouco as palabras, "E vouche decir unha cousa: agora gustaríame ter toda a exposición na miña casa; pero non aquí, na galería. É unha cousa miña, como moi íntima e sinto unha sensación extraña vendo como está exhibida.

Forman parte do meu mundo interior.

—Síntes mais facilidade ante un papel e unha pluma que ante un pincel? ¿Brota antes en ti un poema que a primeira pincelada?

MAIS FACILIDADE CA PINTURA

—Non. Exprésome con mais facilidade ca pintura. Pra min é un acto mais doloroso a manifestación escrita, tal vez porque me entrego mais ao escribir e sexa mais esixente.

Luz Pozo, manifesta que lle gustaría que a recordasen mais como unha poetisa que como pintora. Afirmar non poder deixar xa de pintar, dende que escomezou, fai dos anos, simplemente porque quería plasmar en algo ise mundo coorista que ve sempre antes de dormir. Ou cando soña, xa que di soñar en coor.

—“Eu nunca pinteí. Dediqueime toda a miña vida a dar clase nun Instituto e a escribir os meus libros. Empecei un día porque traía a retina chea de coores e páxaros; chea de natureza. E sentín que aquilo tiña que interiorizalo, porque a miña pintura non é unha copia do natural, é unha interiorización de tipo poético. Por eso, tal vez, non teña unha boa técnica ou un refinado estilo. Pero ¡non importa! É o que sinto, o que vexo. Fago as cousas como impulsos, claro está, que se me plantexan dificultades, e que agora aprendín cousas e xa non pinto como ao primeiro. Mais, sin que naide me ensinara, e non penso ir a ningún lado pra aprender. Sempre plasmarei o que vexa, e o que sinta.

Luz é unha muller sin fronteiras, unha pomba libre como as pombas que pinta sin darse con-

ta nos seus lenzos; unha muller, que non ten consciencia do tempo, según a súa propia confesión,

—Gústanne as aves, os páxaros. Por iso, están presentes nas miñas pinturas. Mais, pinto sin darme conta; de unha forma inconsciente.

OS MESMOS TIDUOS AS PINTURAS QUE A OS LIBROS

Como tamén é de unha forma inconsciente o feito de darlle as miñas pinturas os mesmos tiduos que os meus libros. Concretamente un deles chámase “Concerto de outono”, igoal que o meu último libro de poemas. Luz mide as palabras cando fala con alguen que non coñece. Mais, ao tempo que a conversa vai discorrendo, afloxa as ataduras e da solta a unha muller de fácil charla, agradable; pero sempre resguardando o seu mundo interior de inqedanzas ou sentimentos. Non quere falar da súa poesía. Millor dito, afirma que non sabe como é; que nunca pensou en eso. Mais sabe o que lle gustaría que fose “esixente, moi esixente e profundamente humano”. asegún di Luz.

—Teño varios tipos de poesía. Cada etapa da miña vida é un xeito de ver as cousas que merodean. E son etapas que van quedado atrás; que se cerran, dende que escomecei a escribir sendo moi nena. Porque poido decir que escribín sempre. Intentei que o que facía, fose algo profundo, elaborado, e selectivo. Tal vez, en moitos casos, non cheguei a alcanzalo. Mais ahí está a miña intención.

Luz é unha poetisa consagrada,

(Pasa a la página 22)

Contéstenos, por favor

(Viene de la página 23)

que agora, na plenitude da súa carreira poética, escomezou a pintar. Perguntolle si esta última faceta vai a substituír a ese traballo de tantos anos, e respóndeme que non. "Fago ao mesmo tempo, unha cousa non ten porqué substituír a outra. Teño tempo pra todo. Bueno; si son sinxela, teño que dicir que non me sobra moito. Porque as clases ocúpanme boa parte do día, e somentes aproveito os fins de semana o as vacacións pra traballar no que me gusta; escribir e pintar. A maior parte de esta exposición foi feita este último vran, cando tiña mais tempo.

—¿Non será somentes un "hobby", unha expresión de unha temporada?

—Non. Sinto a pintura; sinto todo o que fago. Aparte que non son un caso único. Alberti, e o mesmo García Lorca, grandes poetas, dedicáronse tamén a pintar. Tal vez, sexan dúas expresións que se complementan, e os escritores ou poetas teñamos mais facilidades pra pintar que outros, como poidan ser os músicos, poñamos por caso.

UN MOMENTO EQUILIBRADO

—A túa carreira como pintora é moi curta, non así como poetisa: ¿en qué momento da tua carreira literaria te atopas?

—Coido que en un momento moi equilibrado e ao tempo cheo

de vitalidade. Escomecei moi nova a escribir, a cambiéi moito. Todo é un proceso, no que se van cubrindo etapas, que son necesarias pra o poeta. Cada libro ven sendo unha etapa que queda atrás; que parece que xa non interesa.

—Falas de cubrir e rematar etapas, de escomezar novas cousas. Todo isto da unha idea de planificación de muller, de fixar unhas metas e de chegar a elas, coste o que coste...

—Si, é certo; planifico moitas cousas na vida e, xeralmente, chego a elas. Fago por conquerrilas; mais non mo impoño. O tempo irá traéndoa, porque está unha cousa moi curiosa, y é que non teño o sentido do tempo. Pra min non conta. Levo unha vida tranquila, sin agobios. Mais esas metas, pouco a pouco, irán vindo. Chego a elas, a veces, con moito retraso; pero chego. Tal vez a pintura, inconscientemente, estaba ahi, dende a adolescencia. E chego agora a facelo.

Luz acaba confesando que rompeu moitas obras, moitos dibuxos e moitos trazos que non a satisfacían. Volveu a escomezar, porque a idea aínda estaba viva. Luz é unha explosión de liberdade e un reflexo do seu nome. Estrenouse na Coruña como pintora e, con ela, chegou un poema de coor o que non estábamos acostumbrados.